

Programa Concilia Verán 2009

Para rapaces e rapazas de 3 a 14 anos

O programa "Concilia Verán 2009" da Asociación Pedagóxica e Cultural Gamelán ofrecerá un servizo socieducativo para familias e nenos durante este verán.

Segundo coa súa traxectoria de apoio escolar, a creación de espazos de lecer e a súa experiencia durante sete anos de campamentos urbáns, a Asociación Gamelán quere levar a cabo este verán a súa misión de facilitar ás familias un espazo de educación e diversión para os seus fillos e fillas, e por outra banda, traballar dende unha dimensión lúdica, as habilidades necesarias dos nenos e nenas para o desenvolvemento da súa personalidade e o fortalecemento da súa confianza en sí mesmos.



• Obxectivos

Obxectivo xeral:

- Facilitar e conciliar a vida familiar e laboral durante o verán.

Obxectivos específicos:

- Ofertar servizos de atención a nenos e nenas que os seus pais non poden atender en horario laboral durante os periodos vacacionais de verán.
- Prevención de situacións de risco de exclusión social
- Desenvolvemento de actividades educativas alternativas no contexto do lecer e o tempo libre.

• Programa a desenvolver

Destinatarios: rapaces e rapazas de idades entre 3 e 14 anos

Participantes: 60 rapaces e rapazas por cada quenda (un máximo de 240 no total do verán)

Datas: meses de xullo e agosto de 2009 de luns a venres

- 1ª quenda de xullo: do 1 ó 15 de xullo (11 días)
- 2ª quenda de xullo: do 16 ó 31 de xullo (12 días)
- 3ª quenda de agosto: do 1 ó 15 de agosto (10 días)
- 4ª quenda de agosto: do 16 ó 31 de agosto (11 días)

Actividades:

- **Aula Gamelán de Xogo Infantil**

A “Aula Gamelán de Xogo Infantil” será un servizo socioeducativo dentro dos servizos infantís e de apoio ás familias que contempla o programa “CONCILIA VERÁN 2009” da Asociación Pedagóxica e Cultural Gamelán.



Destinatarios: nenos e nenas de idades entre 3 e 7 anos

Participantes: 30 nenos e nenas por cada quenda



- **Campamento Gamelán de música e teatro**

O “Campamento Gamelán de música e teatro” pretende ser un campamento urbán dinámico e educativo para o lecer dos rapaces e rapazas durante o verán.

Destinatarios: rapaces e rapazas de idades entre 8 e 14 anos

Participantes: 30 rapaces e rapazas por cada quenda

Organización e equipo de traballo:

